

Patrimonio natural

Se as árbores falasen, como propuxo Éduardo Pondal no himno galego, contarián historias dignas de escoitar. Desde a custosa construcción da Armada Invencible no século XVI até o cuestionado descubri-

mento de Nova Zelanda. Do abuso dos señores feudais no medievo á censura botánica da Igrexa. Dos pensamentos más íntimos de Rosalía de Castro ou do rexurdimento dunha especie que se cría perdida.

En Galicia hai moitas árbores que son senlleiras, non tanto pola súa idade ou o seu porte, senón pola súa historia e pola historia dos que as plantaron, os que as descubriron ou os que impediron que se talaran.

O que din as altas copas

A Xunta ten catalogados 126 exemplares de árbores senlleiros, moitos deles protagonistas de feitos históricos

P. MERA ■ A Coruña


A Xunta recoñece 128 os científicos galegos teñen rexistrado uns 500 e un último estudio fala dun milleiro. Á marxe do número, o certo é que Galicia está chea de árbores senlleiras ou singulares, e non só polo seu tamaño ou idade. Árbores "que polas súas características extraordinarias ou destacables (tamaño, idade, significación histórica ou cultural, rareza, beleza, etc.) son consideradas reliquias botánicas obxecto de respecto vecinal e con valor científico, cultural, didáctico, paisaxístico ou ornamental". Así define a Consellería de Medio Ambiente os 128 exemplares de toda Galicia que inclúe no seu catálogo oficial de "árbores senlleiras".

As árbores e arbustos incluídos na lista de Medio Ambiente, entre eles, 49 exemplares situados na provincia da Coruña, teñen unha protección especial da Xunta, que pode financiar a súa recuperación ou os tratamentos contra enfermidades, por exemplo, para garantir a súa conservación. Nos últimos meses os técnicos da Xunta atenderon varias solicitudes de particulares e instituciones para que incluiran algúns exemplares na lista oficial. Así, logo de medir e estudar en detalle os exemplares, está previsto que nos próximos meses un comité aprobe a súa inclusión no catálogo de árbores senlleiras.

Per o patrimonio arbóreo de Galicia é moi máis ca iso. Un grupo de investigadores da Universidade de Santiago de Compostela, liderados por Antonio Regueiro, determinou que o número de árbores galegas que son singulares pola súa idade ou outras características supera o milleiro, duplicando así outros estudos anteriores que cifraban en aproximadamente 500 os exemplares centenarios, exóticos ou extraordinariamente grandes.

Os científicos cifran en un milleiro os exemplares senlleiros de Galicia

existentes en toda a comunidade, á marxe das catalogacións oficiais. Visitaron "centos de xardins, públicos e privados, pastos e montes" e seguiron as indicacións de vecíños, grupos ecologistas ou gardas forestais, os grandes conñecedores do patrimonio arbóreo. E non só na busca do exemplar más grande nin o máis vello, senón que tamén investigaron as árbores "senlleiras" pola súa propia historia da plantación ou do lugar do que chegou a especie.



Víctor Echave

Salvando a queima

■ Lugar: Santa Margarita (Pontevedra)

■ Especie: Carballo

A finais do século XVI, o rey Felipe II entrou en guerra con Inglaterra. Para combatir os ingleses, o monarca decidiu construir un dos maiores exércitos mariños da historia: case 150 barcos e máis de 30.000 homes que saíron da costa portuguesa para combatir, sen éxito, a Drake e compañía.

Ademáis das miles de persoas que faleceron na batalla, os bosques e montes do sur de Pontevedra tamén sufrieron, e moi, o enfrentamento entre os dous imperios, pois en poucos anos laláronse milleiros de exemplares para construir os barcos por orde de Felipe II.

O carballo de Santa Margarita, en Pontevedra, conseguiu escapar a esta desfita, grazas ás cualidades milagreiras que lle atribuían os vecíños. E é que moi preto del había unha fonte á que acodían con frecuencia os enfermos de toda a provincia para curar, sobre todo, os males da pel.

A capacidade curativa que os leprosos lle daban á auga da fonte estendeuse tamén a esa árbore —unha das máis bellas de Galicia hoxe por hoxe— que, segundo contan, formaba parte dun sotu inmenso de carballeiros portentosos, a madeira perfectas para a flota da Armada Invencible.

Cando foron cortalos para levalos aos as-



Rafa Vázquez

taleiros da época, os vecíños da zona, liderados polo párroco do lugar, impidieron que talaran tamén o seu carballo milagreiro, que se convertiu así nun dos máis bellos de Galicia.

Segundo o investigador Antonio Rigueiro,

anos despois o carballo de Santa Margarita tamén era moi apreciado polo Padre Sarmiento, que tiña familiares pola zona e adoitaba visitar a capela e máis á árbore con frecuencia.

Un símbolo que veu de Nova Zelanda

■ Lugar: Praza da Policía Local de A Coruña

■ Especie: Metrosidero

O metrosidero que se impón no patio da Policía Local da Coruña, en Orillamar, é algo máis cunha árbore. Xa o debía saber o anterior alcalde, Francisco Vázquez, que a declarou símbolo oficial da cidade. E é que a orixe deste exemplar, natural de Nova Zelanda, pode botar abaixo boa parte da historia e a cultura maori. O Concello herculino só ten rexistros da súa existencia desde o século XVIII, pero o botánico neozelandés Harwick Harris cre que o trouxeron un grupo de mariñeiro galegos e portugueses que chegaron até Nova Zelanda nunha das expedicións de Juan Sebastián Elcano no século XVI, malia que segundo os libros de historia, as illas non foron descubertas até cén anos despois. A revolucionaria teoría de Harris, que en 2001 estivo na Coruña para estudar o metrosidero (pohutukawa, en maori) e intentar confirmar que os galegos descubriron Nova Zelanda, está gañando forza a nivel internacional.


Ortigueira

A Coruña 1

3 Padrón

0 Grove 4 2 Pontevedra 6

Patrimonio natural



FdV



Iñaki Abella

Arte botánica inspirada en Cristo

■ Lugar: Xardín botánico (Padrón)

■ Especie: Árbore do amor

No xardín botánico-artístico de Padrón hai moitas especies e exemplares salientables, como unha palmeira de Senegal ou unha secuoya vermella situada ao lado do último trovador, Macías o Namorado, segundo explica Turgalicia.

Tamén destaca a árbore do amor, un-

ha especie moi chamativa de por si, pero que neste caso é especialmente vista porque imita a forma da coroa de Cristo.

Os responsables deste xardín encargáronse de la moldeando ao longo dos anos, como se fose un bonsai, para que as pólas se fosen virando até dar coa forma que buscaban: a coroa de espinas que levaba Cristo.

Linchamento popular para facer xustiza

■ Lugar: O Grove

■ Especie: Figueira

Segundo a lenda, na Idade Media había no Grove un señor feudal, coñecido como O Meco, moi ruín. Tanto, que exercía sen pudor o dereito de pernada coas mulleres do lugar: a noite anterior ao casamento das rapazas, O Meco esixía poder pasar a noite con elas. Até que os mo-

zos do lugar se rebelaron e decidiron plantarlle cara ao seu señor: foron por el e colgárono dunha figueira, situada no alto de Siradella.

A lenda tamén di que desde aquela os figos da figueira son encarnados debido ao sangue do aforcado. O episodio tivo tanta trascendencia que desde entón e até hoxe os veciños do Grove reciben o xentilicio de "mecos".

O exemplar "obsceno"

■ Lugar: Pazo de Brandariz (Ortigueira)

■ Especie: Laranxo

O laranxo que hai no pazo de Brandariz, no municipio coruñés de Ortigueira, ten unha particularidade: os seus froitos teñen a forma dos órganos xenitais femininos, unha singularidade que lonxe de reportar beneficios á vila coruñesa estivo a punto de acabar co exemplar.

E é que, segundo contan no lugar, no século XVII o bispo de turno intentou convencer aos donos do pazo para que cortaran a árbore, ao considerala demasiado "obscena". Os propietarios negáronse, así que o laranxo, que desde entón é coñecido como "o laranxo obsceno" –así figura no catálogo de ábores senileiras da Xunta– segue en pé no pazo de Brandariz.

Desde a Fundación Ortegaia explican que, con todo, non está no seu máximo esplendor, entre outras cousas, porque perdeu varias pólas durante o fortísimo temporal de principios de ano.



Fundación Ortegaia



Pazo de Lourizán


O recorde de Rosalía

■ Lugar: Casa-Musero de Rosalía (Padrón)

■ Especie: Figueira

"Adios, ríos; adios, fontes; adios, regatos pequenos; adios, vista dos meus ollos: non sei cando nos veremos. Miña terra, miña terra, terra donde me eu criei, hortiña que quero tanto, figueirñas que prantei..." Ao escribir o seu histórico Cantares Gallegos en 1863, Rosalía de Castro non se esqueceu de incluir na enumeración dos seus quereres unha árbore, a súa "figueirinha" que, segundo di o poema, ela mesma prantou na súa casa de Padrón.

A figueira baixa a que Rosalía adoitaba escribir e pensar segue en pé, ainda que algo vinda a menos, na casa de Padrón, hoxe convertida nun museo sobre a historia da poeta. Segundo explican desde a Fundación Rosalía de Castro, hai uns anos uns técnicos botánicos visitaron o lugar para curar a árbore, que sufriu varias plagas nalgúnsas pólas. Para asegurar a súa continuidad, o xardín botánico-artístico de Padrón prantou un escallo da "figueirinha" da Rosalía.



FdV

Un fósil que volvou á vida

■ Lugar: Pazo de Lourizán (Pontevedra)

■ Especie: Metasecuoya

Até os anos 30, os científicos de todo o mundo crían que a metasecuoya era unha especie desaparecida desde había varios millóns de anos. Pero en 1942 un grupo de botánicos descubrío na China varios exemplares dessa árbore só documentada nos fósiles. Algún deses exemplares foi parar a Santander, e de aí á colección botánica do Pazo de Lourizán, en Pontevedra, onde hoxe se pode contemplar a que é unha das metasecuoyas más bellas de Europa, con só 50 anos.